

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE BIRLOS, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2023 POLA QUE SE INCLÚEN OS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA (PER)

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Diego Calvo Pouso, nomeado vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a través do Decreto 65/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a Diego Calvo Pouso, e en uso das competencias establecidas no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Isidro Costas Piñeiro, presidente da Federación Galega de Birlos, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar a addenda ao convenio de colaboración subscrito con data 10 de xaneiro de 2023 para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2023 e a estes efectos,

EXPOÑEN

Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da súa modalidade na Comunidade autónoma galega, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asinou, con data 10 de xaneiro de 2023 un convenio de colaboración coa



Federación Galega de Birlos, por importe total de Vinte dous mil cento dezaioito euros (**22.118,00 €**) coa seguinte distribución por programa:

PROGRAMAS	IMPORTE
1.- Gastos xerais de funcionamento (máximo 25%)	5.529,00 €
2.- Actividade deportiva ordinaria	16.589,00 €
3.-Tecnificación e rendemento:	0,00 €
a) Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD)	0,00 €
b) Núcleos de adestramento deportivo especializado	0,00 €
c) Centros de Tecnificación	0,00 €
4.- Campionatos de España convocados polo CSD por Seleccións Autonómicas en idade Escolar (CESA)	0,00 €
5.- Actividade deportiva de promoción:	0,00 €
a) do deporte en idade escolar	0,00 €
b) do xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación	0,00 €
c) do deporte para deportistas con discapacidade	0,00 €
6.- París 2024	0,00 €
TOTAL	22.118,00 €

Nos convenios coas 59 Federacións Deportivas de Galicia non se dotou o programa “Outros proxectos de especial relevancia” pendente da súa concreción en 2023. Neste senso na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, incrementouse a contía prevista no proxecto de orzamentos na aplicación orzamentaria 06.02.441A.481.0 para as transferencias ás Federacións Deportivas de Galicia especificamente para articular os proxectos de especial relevancia.

Unha vez concretados os proxectos de especial relevancia compre dotar nos Convenios coas Federacións Deportivas de Galicia para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2023 o programa “Outros proxectos de especial relevancia”.



A Federación Galega de Birlos remitiu a solicitude de inclusión no programa “Outros proxectos de especial relevancia”, e solicita se teña en conta os seguintes evento/s dentro do programa subvencionable “Proxectos de Especial Relevancia” por tratarse dun campionato de gran interese deportivo:

EVENTO**PROVINCIA**

CAMPIONATO DE ESPAÑA EQUIPOS 1º CATG PONTEVEDRA

Con base ao anterior as partes acordan a seguinte

CLÁUSULA

Primeira.- Acórdase modificar o cadro de financiamento que figura no convenio como Ficha I, incorporando os proxectos de especial relevancia segundo o seguinte recadro:

PROGRAMAS			IMPORTE
7. Outros proxectos de especial relevancia:			
<u>EVENTO</u>	<u>PROVINCIA</u>	<u>IMPORTE PER</u> <u>2023</u>	1.000,00 €
CAMPIONATO DE ESPAÑA EQUIPOS 1º CATG	PONTEVEDRA	1.000,00 €	
TOTAL			1.000,00 €

Polo tanto o importe total do convenio incrementase en Mil euros (**1.000,00 €**), imputables á aplicación orzamentaria 06.02.441A.481.0 (código de proxecto 2014 0066).

En proba de conformidade as partes que interveñen asinan a presente addenda no lugar e data arriba indicados.

**O Vicepresidente Primeiro e Conselleiro
de Presidencia, Xustiza e Deportes**

**O presidente da Federación Galega
de Birlos**

Diego Calvo Pouso

Isidro Costas Piñeiro

